

Exposición	Golfo de Fonseca: A loita por un futuro sostible
Obxectivo	Sensibilización ambiental
Características	61 imaxes

DESCRICIÓN

O proxecto '**Golfo de Fonseca: A loita por un futuro sostible**', cofinanciado pola Xunta de Galicia e a AECID, visibiliza o traballo a prol da pesca artesanal realizado por Amigos da Terra e os seus parceiros na zona onde converxen as augas de Nicaragua, Honduras e El Salvador. Paisaxes, cooperativas de mulleres e labores tradicionais protagonizan algunhas das instantáneas da exposición, que ademais denuncian as duras condicións de traballo nas *salineras* ou a contaminación que acaba coa vida no mar.

No entanto, as fotografías de Carlos Puga tamén amosan os **resultados positivos que achegou a cooperación**, como as pasarelas para protexer o mangreiro, os plans de formación ou a construción de centros de acopio. Ao mesmo tempo, as imaxes recollen a cara máis crúa da realidade centroamericana: nenas e nenos sen escolarizar, familias moi pobres que se ven abocadas á tala do bosque, queima de lixos na rúa, etc. A mostra pretende sensibilizar sobre o coidado do medio ambiente.

Imaxes da exposición



ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Documental '**Golfo de Fonseca: A loita por un futuro sostible**'

Blog '[Golfo de Fonseca: El Salvador, Honduras e Nicaragua](#)'

Fotolibro '**Golfo de Fonseca: A loita por un futuro sostible**'

CARACTERÍSTICAS

61 imaxes con pé de foto (en galego) + 1 panel de presentación

Fotografías en cor

Medidas: 69x39,7cm

Materiais: cadros con cristal e marcos

*O peso total é de 220kg, repartidos en 6 caixas de 69cm (largo) x 39,7cm (ancho) x 50,5 cm (alto).

Autoría: Carlos Puga.